A OVELLA SHAUN: MISIÓN CABAZA

1852

Steve Cox, Matthew Walker, 2026

ESTREA EN NUMAX: 30.10.2026 | V.O.S.E. / VE


Na véspera de Samaín na granxa de Mossy Bottom, a emoción convértese en consternación cando o torpe granxeiro estraga a plantación de cabazas. Shaun procura arranxar a desfeita con experimentos científicos, pero algo vai mal e unha besta salvaxe aparece entre as árbores do monte.

A estrea do filme combinará pases dobrados (VE), dentro da nosa sección Petís NUMAX, con outros en versión orixinal subtitulada (VOSE). A versión de cada pase aparecerá indicado na nosa web e nos horarios impresos.

«Outra excelente película familiar repleta de gags visuais de primeira e enxeñosas referencias»
Peter Bradshaw, THE GUARDIAN

Título orixinal: Shaun the Sheep: The Beast of Mossy Bottom
Ano: 2026
Duración: 88 minutos
Idioma orixinal: Inglés
Dirección: Steve Cox, Matthew Walker
Guión: Mark Burton, Giles Pilbrow, Nick Park
Voces: Justin Fletcher, John Sparkes, Kate Harbour, Nina Sosanya, Paul Whitehouse, Roman Kemp, Dani Dyer
Montaxe: Dan Hembery
Son: Adrian Rhodes
Música: Natalie Holt
Produtora: Aardman, StudioCanal, Sky
Distribuidora: Selecta Visión

PREMIOS E FESTIVAIS
Sitges 2026 (Sección Oficial)



A OVELLA SHAUN: MISIÓN CABAZA

Steve Cox, Matthew Walker, 2026

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

De pelo e la

Por Ignacio Navarro Mejía

Nos últimos anos, hai unha certa tendencia a revitalizar o cine mudo, con películas necesariamente modernas na súa concepción e execución, pero sen (apenas) diálogos e con referencias a aquela época, ata finais dos anos 20, en que as imaxes sen son directo e os rótulos explicativos non eran unha opción estética, senón unha imposición técnica. No caso do stop motion a idiosincrasia visual, co seu peculiar ritmo, pode manter aínda máis o interese dramático e facer avanzar a historia coa mera sucesión de fotogramas. Que sexan historias curtas axuda, como as d'*A ovella Shaun*, personaxe creado por Nick Park co selo da factoría Aardman e inicialmente dirixido ao formato da curtametraxe ou televisivo por capítulos, desde 2007, ata que en 2015 chegou á gran pantalla unha primeira longametraxe de éxito que permitiu realizar unha secuela e agora a terceira parte dunha serie que, esperemos, prosiga máis aló da actual triloxía.

A ovella Shaun: Misión cabaza segue en efecto o ronsel das súas predecesoras, sendo máis clara esa influencia ou fidelidade que a do propio cine mudo, pois como diciamos ten unha idiosincrasia propia. Non reinventa ningunha fórmula, pero cumpre exactamente co seu labor, afondando nas peripecias extravagantes da ovella protagonista e os demais animais da súa granxa liderada por ese granxeiro da campiña británica miope, torpe e medio calvo. A súa progresiva calvicie (estendido temor masculino que aquí se afronta cunha divertida reivindicación) é o punto de arranque do conflito, neste caso, xa que para contrarrestala se unta dun crecepelo adulterado que o enche desproporcionadamente de la, ata o punto de que é confundido cun monstro que sementa o pánico máis aló do seu pequeno horto. Como vemos, a premisa é fantasiosa e o conseguinte desenvolvemento sáese dos límites da acción humanamente verosímil, pero sempre nun marco coherente e disciplinado, sen tolear en exceso nin esquecer as súas orixes no sofisticado humor inglés.

Por iso os incesantes gags visuais marca da casa non caen no pueril ou escatolóxico, como ocorre con outros produtos comerciais de animación infantil, senón que preservan un constante nivel de enxeño (xogando todo o tempo co subtexto e o dobre sentido) que propaga a gargallada, ou polo menos a sorriso cómplice, ao longo de todo a condensada metraxe. Este dura 81 minutos, e dálle tempo dabondo para narrar unha historia con todos os seus elementos imprescindibles a nivel estrutural, coidando iso si de que practicamente cada escena, por non dicir cada plano, supere o mero avance narrativo e incorpore un ou outro recurso cómico. A comedia está así garantida, tanto para nenos como para adultos, e non hai un só paso en falso no decorrer da aventura, que goza polo tanto dun ritmo envexable. Mención á parte merece a animación como tal, digna do oficio dun estudo veterano cuxa experiencia xa está ademais acreditada directamente neste deseño de personaxes e decorados, polas películas e curtametraxes anteriores, o que permite pulir ou sumar sobre o xa construído. Desde os terreos da granxa ata a poboación anexa e o mundo circundante (en lugares concretos dun mapamundi que se afasta igualmente da cartografía convencional), estes personaxes móvense cunha fluidez insólita, e todo se encadra nunha atmosfera tan entrañable como estilizada, que roza todo o alleo ao xerme bucólico da paisaxe imaxinada.

Publicado en elantepenultimomohicano.com